



Museo
Colexiata de Sar



FUNDACIÓN
CATEDRAL
DE SANTIAGO

Itinerario temático e actividades

A ARTE ROMÁNICA

na Colexiata de Sar

4º da ESO

1º de BAC

2º de BAC

Proxecto creado por
Marina Pérez Toro e Lucía Hidalgo Portomeñe

PRESENTACIÓN

Aos pés da cidade histórica de Santiago, érguese o conxunto arquitectónico de Santa María a Real de Sar, chamada así por ubicarse no agradable barrio que o río do mesmo nome atravesa.

As súas orixes remóntanse ao ano 1136, cando se fundou como a primeira comunidade agostiña de Galicia, en tempos do arcebispo Xelmírez. As boas relacións coa Catedral, ademais de convertela nun importante referente eclesiástico, quedaron reflexadas na súa estrutura orixinal, onde as influencias románicas da basílica xacobeana son destacables. A igrexa, que no século XVI se converteu en colexiata, sufriu unha serie de remodelacións arquitectónicas que acabaron por conferirlle a mestura estilística que hoxe a caracteriza.

O edificio do antigo priorado tamén sufriu modificacións, converténdose no 1985 en Museo de Arte Sacra da man do párroco Don José Porto Buceta, que nese afán integrador non só evitou que a construción caese no esquecemento, senón que xerou unha perfecta coherencia entre contedor e contido, dotando ás obras dun contexto que facilita a súa interpretación.

As tarefas de adecuación museolóxicas e museográficas necesarias para a súa reapertura despois dun tempo pechado por falta de recursos económicos, foron posibles grazas a un proxecto de xestión cultural que levou a cabo a Fundación Catedral de Santiago, baixo a marca Compostela Sacra.

Na actualidade, o museo está nunha nova etapa de crecemento coa posta en marcha do proxecto MuSar, que ten como principal obxectivo o estudo, a conservación e a difusión do conxunto monumental e o rico patrimonio que atesoura. Xunto coa publicación dunha nova guía e a creación da páxina web, incorporamos este proxecto educativo cunha oferta adaptada aos diferentes niveis, para que os centros poidan coñecer a riqueza de Santa María Real a de Sar dun xeito autónomo e didáctico, agardando poder ampliálo nun futuro con máis recursos e actividades.

A ARTE ROMÁNICA

na Colexiata de Sar

OBXECTIVOS

- Achegar ao alumnado ao patrimonio histórico-artístico galego.
- Fomentar a aprendizaxe autónoma a través da observación.
- Poñer en valor o patrimonio artístico medieval compostelano.
- Coñecer a Colexiata de Santa María do Sar e o seu museo.
- Introducir ao alumnado na didáctica dos museos e facelo partícipe da conservación do patrimonio.
- Coñecer a orixe e o desenvolvemento histórico do Camiño de Santiago
- Promover a creatividade e o pensamento crítico.

METODOLOXÍA

Para poder cumprir os obxectivos expostos anteriormente e que o alumnado aproveite ao máximo a súa experiencia, elaboramos este documento que o profesorado poderá seguir para crear unha visita de xeito autónomo.

Con este documento presentamos unha serie de propostas, adaptadas a diferentes idades, a traves das cales os docentes poderán artellar un discurso expositivo como soporte da aprendizaxe. Trataranse unha serie de contidos teóricos, temáticos e centrados nos diferentes puntos e obxectos artísticos do MuSar cun enfoque didáctico.

Aconsellamos a realización do percorrido proposta, pois este foi pensado na orde que queda establecida no documento, quedando a libre elección do docente a súa realización. Así mesmo, as obras e espazos propostos poden explicarse na súa totalidade ou ben facer unha escolla dependendo do tempo do que se dispoña para a visita.

Finalmente, propoñemos algunhas actividades a realizar *in situ* ou na aula, servindo de recurso co que complementar o aprendido en Sar. Quedan recollidas as instrucións e os materiais precisos para o seu desenvolvemento.

INTRODUCCIÓN



A colexiata de Santa María do Sar é un dos grandes exemplos de **arte románica**, é por iso polo que propoñemos realizar un itinerario polos diferentes espazos centrado no que supuxo a súa construción dentro do contexto europeo e galego.

A visita que aquí propoñemos servirá para facer unha introdución xeral á arte románica. Percorreráse o museo, a colexiata e os exteriores para poder viaxar no tempo aos séculos XI e XII e imaxinarnos como sería a cidade daquelas. Así, a Colexiata de Sar converterase no soporte perfecto sobre o que observar todo o legado que o románico nos deixou: canecillos, capiteis e mesmo documentos, para ir do particular ao xeral e así fomentar o descubrimento e o coñecemento autónomo do alumnado.

Aquí atoparedes unha proposta didáctica na que os e as **docentes** se poderán apoiar para realizar a visita; nela atoparán toda a información teórica precisa para a mesma e diferentes metodoloxías que se poderán utilizar, así como diferentes puntos que poden resultar de interese dentro do MuSar e unha serie de actividades que servirán como síntese final, para aplicar todo o aprendido.

A COLEXIATA DO SAR NO SEU CONTEXTO

A Colexiata de Sar é unha das grandes testemuñas do **románico** en Galicia, así que, para poder comprender ben este monumento, é preciso que previamente fagamos un percorrido pola Idade Media e, especialmente, polos séculos XI e XII, coa eclosión da arte románica en Galicia.

Os séculos XI e XII caracterizaranse en Europa pola estabilidade pois pódese dicir que, de xeito xeral, non houbo grandes conflitos nin crises, o que permitiu unha revitalización e un enorme desenvolvemento demográfico, económico e cultural. Esta bonanza xeral permitiulle a Europa conectarse de novo, revitalizando antigas rutas comerciais que, ao tempo, foron aproveitadas como vías de difusión da arte e do estilo do momento, o románico.

A igrexa converteríase no principal vertebrador, tanto dende o punto de vista espiritual como institucional, o que permitiu que tivera lugar unha eclosión das **peregrinacións** e das visitas a lugares santos. Neste contexto construíuse a catedral románica de Santiago de Compostela, iniciándose as obras no ano 1075, e converténdose nun dos templos de referencia da cristiandade medieval, no lugar no que, segundo a tradición, foran atopados os restos de **Santiago o Maior**.

Foi precisamente un canónigo da Catedral, Munio Afonso, moi achegado ao arcebispo Diego Xelmírez quen no 1134 decide fundar o **priorato de Santa Maria de Sar**. Aquí establecerá unha comunidade de monxes que se agruparán baixo a orde de Santo Agostiño. A congregación pasará por diferentes momentos de bonanza e de crise que rematarán, no século XIX por converter á antiga colexiata nunha parroquia máis da arquidiocese de Santiago de Compostela.



NA VISITA...

Sala 1. Documento fundacional da Colexiata.

Esta introdución recomendamos realizala na entrada do Museo, para ter así unha visión xeral do espazo e da propia igrexa dende o exterior, para logo pasar á sala 1.

Nesta sala atopamos expostos os **documentos fundacionais** da Colexiata de Sar, mais a tradición vincula este espazo coa lendaria **Raíña Lupa**.

Tamén coñecida por Luparia ou Luporia, reinaba nos


territorios dos que bebían as augas dos ríos Sar e Sarela e o seu **palacio** estaba situado na beira do Sar, onde hoxe se atopa a Colexiata.

Lupa era unha raíña pagá e a súa **lenda** aparece estreitamente ligada á do propio Apóstolo Santiago: cóntase que cando os discípulos de Santiago, Teodoro e Atanasio, chegan a Galicia, solicitan permiso a Lupa para poder enterrar o corpo do apóstolo nas súas terras. Ela, **pagá**, tenta enganalos, para o que lles tende unha serie de trampas entre as que se atopa o famoso episodio dos **bois bravos**. Ante a capacidade de saír milagrosamente de todas as situacións, a raíña converterase ao **cristianismo**.

ACTIVIDADE...

As lendas e mitos fálannos da forma de entender o mundo que tiñan os nosos antepasados e, en moitas ocasións, explican **fenómenos** ou **monumentos** cuxa orixe descoñecían. Así, fóronse conformando historias que poboan aínda hoxe o noso **imaxinario popular**.

Propoñémosvos que pensedes nalgún monumento, accidente xeográfico ou fenómeno da vosa zona, cuxa orixe estea vencellada a unha **lenda** e que o expoñades durante a visita para observar semellanzas e diferenzas coa da Raíña **Lupa**.



A CIDADE DE SANTIAGO NO SÉCULO XII

O BURGO COMPOSTELANO

Logo do século XII, momento de creación da colexiata de Sar, a cidade que hoxe coñecemos era pouco máis que un pequeno **burgo**: a Catedral románica coas súas ben coñecidas porta norte e sur, ademais do Pórtico da Gloria, arredor dela unha serie de asentamentos e as primeiras rúas, algúns mosteiros coma o de San Martín Pinario ou o de San Paio de Antealtares, establecidos na cidade xa dende o século IX etc, e todo isto rodeado por unha muralla.

Mais o século XII será especialmente esplendoroso grazas ao primeiro arcebispo da sede apostólica: **Diego Xelmírez**, que chegará á sede apostólica logo do bispo Diego Peláez, cara 1100.

Diego era fillo de Xelmirio, cabaleiro ao servizo de Peláez, que iniciará a súa carreira eclesiástica na Catedral de Santiago e aquí converterase no chanceler dos Condes de Galicia: Raimundo de Borgoña e Urraca. Será o grande impulsor das obras da Catedral, viaxando a Francia e Italia, de onde virá con mestres canteiros e con múltiples influencias artísticas que plasmará no templo.



NA VISITA...

Sala 1.

Diego Xelmírez foi o primeiro **arcebispo** de Santiago de Compostela. Unha persoa cunhas inxerencias artísticas e culturais enormes que alzar a sede compostelana como un dos grandes templos da cristiandade.

Nesta sala, ademais dos **documentos fundacionais**, nos que aparecen tanto os nomes de **Diego Xelmírez** coma os de **Munio Afonso**, tamén atopamos vestimentas eclesiásticas coma dalmáticas ou casullas.

Obsérvaas e tentade descifrar a iconografía das **vestimentas**.



Tentade procurar nos documentos o **nome** de Diego Xelmírez e de Munio Afonso.



A PEREGRINACIÓN A SANTIAGO

AS PEREGRINACIÓNS

As peregrinacións son viaxes a lugares sagrados ou templos e son fenómenos comúns a moitas relixións.

A denominación provén do latín *peregrinatio* e fai referencia a esa viaxe que o crente ou grupo de crentes realiza con fins expiatorios ou de agradecemento cara un lugar de devoción propio da súa relixión. As peregrinacións, así mesmo, tamén outorgan un momento de ruptura da cotidianeidade e de excepcionalidade.



OS PEREGRINOS E COMPOSTELA

Compostela converteuse, dende o século IX nun dos grandes lugares de peregrinación da cristiandade, pois segundo a tradición aquí foran atopados os restos do Apóstolo Santiago.

Estableceranse, a partires de entón, os diferentes **camiños de peregrinación** cara Santiago e milleiros de peregrinos comezarán a achegarse ao noroeste peninsular. Existirán diferentes rutas aínda que a que terá maior afluencia será a do **Camiño Francés**, que parte dende os Pirineos.

A colexiata de Santa María do Sar atopábase na chamada **Vía da Prata**, un camiño que utiliza as calzadas de época romana que comunicaban as grandes cidades do imperio na Península, como as actuais Sevilla, Mérida ou Astorga, e que foron tamén utilizadas na Idade Media polos peregrinos que chegaban a Santiago dende o sur.

Na entrada da cidade atoparían, extramuros, a **Colexiata**.

NA VISITA...

Sala 1. *San Roque de Montpellier*

Nesta sala poderás atopar unha **escultura** en madeira policromada do **século XVIII** no que se representa a San Roque.

A tradición identifica a San Roque coma un **peregrino** coñecido por percorrer Italia e curar e atender aos enfermos de peste, feito polo que foi canonizado en 1629 polo Papa Urbano VIII.

É **patrón**, ademais dos enfermos e contaxiados por epidemias, dos peregrinos, é coma un peregrino é representado en múltiples ocasións.

Observade esta representación e procurade os **símbolos** xacobeos e os propios de San Roque.



NA VISITA...

Sala 2. *Relicario de San Pedro*

Na tradición cristiá, as **peregrinacións** son viaxes a **santuarios** ou a lugares sacros, que o crente realiza, habitualmente, para buscar o perdón dos pecados, para solicitar a protección divina ou dar grazas.

Os **santos**, convértense nunha sorte de intermediarios entre o fiel e Deus, e as **reliquias** convértense en elementos de especial devoción por seren restos óseos ou obxectos que tiveron relación coa vida do santo.

En Galicia, as **romarías** establécense como pequenas festividades na honra dun santo ou santa. Investigade sobre os santos principais da vosa zona e buscade a que milagres aparecen vinculados.



A VIDA NA COLEXIATA

Dentro deste contexto floreceron as igrexas e os **mosteiros**, que se converteron nos principais difusores do novo estilo que estaba a impregnalo todo: o románico.

Os primeiros mosteiros cristiáns xudirán nos séculos IV e V en Oriente, e este movemento iniciárase en Europa da man de **Benito de Nursia** coa fundación da **Orde Benedictina** no século VI. Neles establecíanse unha serie de relixiosos que vivían en comunidade baixo as directrices dun abade, retirados a unha vida na que primaba unha vida de devoción e oración.

Baixo estes preceptos de vida en **comunidade** establecerase Colexiata de Santa María do Sar, cuxos monxes se atoparían baixo a **orde de Santo Agostiño**. Os mosteiros variaban moito en tamaño e os máis pequenos non posuían a figura dun abade, se non a dun **prior**, como é o caso da Colexiata, que representaba o mosteiro cara o exterior.

Os monxes levaban vidas sinxelas, realizaban traballos agrícolas e continuaban os seus estudos relixiosos, ademais da asistencia a misas regulares e reunións para asuntos da comunidade.

Tamén os mosteiros constaban de diferentes dependencias como os **claustros**, a **igreja** ou os **edificios anexos** onde realizaban a vida diaria (cociñas, comedores e outras dependencias). Podedes ver máis na nosa web: <https://musar.gal/musar-digital/>




NA VISITA...

O CLAUSTRO

O corazón da colexiata era o claustro, unha serie de **arcadas** cubertas arredor dun espazo cadrado **aberto**. O acceso ao claustro estaba habitualmente restrinxido á comunidade monástica, pois era un espazo privado, para o seu recollemento e reflexión que, ademais, estruturaba as diferentes alas e os diferentes espazos da **vida cotiá** dos monxes.

Cremos que nesta zona atoparíanse os **almacéns**, a comida e, mesmo en mosteiros de maior tamaño, tamén o establo. As comidas serviríanse no **comedor** en mesas corridas e xunto a el poderíamos ter a cociña. Moitos destes mosteiros tamén posuían unha grande **horta** onde cultivarían vexetais e especias, así coma terras para cultivar cereais e outros alimentos.

No claustro da Colexiata do Sar podemos observar unha fonte semellante á **fons mirabilis** da Catedral de Santiago, aínda que a da Colexiata é posterior e probablemente se realizou ao mesmo tempo que os inicios do claustro, no século XIII polo obradoiro do **Mestre Mateo**.



O ROMÁNICO

O románico xurdira xa no século XI, na abadía de Cluny, en Francia, e converteuse no primeiro estilo común a gran parte de Europa difundíndose principalmente a través das vías de peregrinación, como foi o Camiño de Santiago.

Xorde como consecuencia dunha época de prosperidade na que era precisa unha renovación espiritual, dirixida por Cluny, para volver asentarse os preceptos das comunidades relixiosas que se foran abandonando fronte a vida máis terreal.

Como estilo artístico, estará influenciado polas tradicións anteriores coma a arte romana, prerrománica, a arte dos reinos xermánicos e tamén pola arte islámica.

Na arquitectura, os edificios serán fundamentalmente relixiosos e estarán caracterizados polo uso da bóveda de canón e do arco de medio punto, o taqueado xaqués, as bandas lombardas e o uso de plantas tanto basilicais coma de cruz latina. Estes edificios estarán poboados de imaxes que narrarán diferentes acontecementos relixiosos, principalmente relacionados coa vida de Cristo e dos santos, en soportes coma os chapiteis, as ménsulas, as jambas e os tímpanos, onde aparecerán tamén as famosas representacións penitenciais.



NA VISITA...

O EXTERIOR DA COLEXIATA

A Colexiata de Santa María do Sar é un edificio realizado cos preceptos artísticos e culturais do románico e serviranos para poder identificar perfectamente os diferentes elementos que o caracterizan.

A cabeceira da igrexa está composta por unha **ábside** central e dous **absidiolos**, e na **cornixa** podemos atopar diferentes **canecillos** figurados.

Destacan os **contrafortes** do século XVIII.



Nos **canecillos** atoparemos animais do **bestiario** medieval e tamén algunha alusión á propia vida da Colexiata, como son as numerosas figuras de **monxes** lendo.

A **igrexa** está realizada en **planta basilical**, con tres **naves**, que corresponden coas tres

ábsides da cabeceira, e atópase cuberta por **arcos faixóns de medio punto** que sosteñen unha **cuberta a dúas augas**.

A **fachada** occidental é austera, por terse perdido o **rosetón** orixinal da parte superior, cunha entrada

na que destacan a

arquivolta exterior con **taqueado xaqués** e os **chapiteis** figurados coroando as **columnas adosadas**.





NA VISITA...

A IGREXA

Para construír a igrexa utilizaron a **planta basilical** de tres naves cuberta por unha cuberta de madeira a dúas augas.

Hoxe en día, o que máis chama a atención do templo son os seus grandes **contrafortes**, realizados por mor da forte **inclinación** que sofren as columnas interiores dende o século XVI debido a unha intervención na teitame do edificio, cando se decidiu substituír a antiga cuberta de madeira por unha bóveda de canón pétreo. O aumento do peso levou a estes **problemas estruturais** e, posteriormente, á necesidade de construción de ditos contrafortes e á preservación do templo, pois barallouse durante o século XVIII a necesidade de destruílo por completo ante a súa imposible reconstrución.

A remodelación do templo levou a perder, ademais, algún dos elementos medievais, como é o **rosetón** e parte do claustro.

No interior da igrexa podemos atopar, ademais, na capela maior, restos da **policromía** orixinal do século XVI alén dalgunhas **tumbas** de relixiosos.



Actividades de investigación para a aula

PARA FACER NA CLASE

AS OBRAS DE DIEGO XELMÍREZ

Como comentamos anteriormente, Diego Xelmírez converteuse no gran renovador e impulsor artístico e cultural da Catedral de Santiago no século XII.

Mais tamén tivo moi en conta de que xeito pasaba á historia, polo que foi o ideador dalgúns dos principais manuscritos que posúe aínda hoxe en día a Catedral.

O Códice Calixtino

O Códice Calixtino trátase dun manuscrito, escrito en latín na primeira metade do século XII no que se describen diferentes aspectos relacionados coa peregrinación e co fenómeno xacobeo. A principal pretensión de Xelmírez con el foi afianzar a Catedral como sede apostólica. Atópase dividido en cinco libros: textos litúrxicos, os milagres do Apóstolo, a lenda ad traslatio, o relato de Carlomagno e unha guía para o peregrino, ademais dunha serie de composicións musicais.

Investigade sobre o Códice... saberíades indicar de onde ven o apelativo "**calixtino**"?



PARA FACER NA CLASE

Accedemos a fontes primarias: a **Historia Compostelana**

IV. PRELACÍA DE DIEGO GELMÍREZ

"El conde don Raimundo, hombre distinguido y capaz, compadeciéndose de la iglesia compostelana, que no estaba organizada según mandan los cánones, como hemos expuesto antes, no sin antes consultar a los cuatro obispos, a saber: Pedro de Lugo, Gonzalo de Mondoñedo, Auderico de Iria y Pedro de Orense, habló a algunos ancianos y personas del pueblo de esta iglesia, llevado por el afecto de su piedad interior, diciendo: «Id y deliberad con vosotros mismos quién queréis pedirme, y con la misericordia del Señor podréis tener en seguida protector y defensor.» Al escuchar esto, una vez tomada una decisión por separado, llegaron los príncipes de toda Galicia a presencia de don Raimundo y delante de él le pidieron con grandes ruegos y unánimemente a un clérigo de nombre Diego Gelmírez, varón honesto y de gran discreción, cuyo padre recordaban que había gobernado Iria y la provincia vecina, es decir, la zona comprendida entre los ríos Ulla y Tambre, con admirable discernimiento y suma moderación durante muchos años. Condescendiendo de corazón a la petición de éstos el venerable conde puso al frente de toda la tierra y el señorío del reverendísimo apóstol Santiago a don Diego, ' canónigo de la iglesia de Santiago al que retenía consigo en la curia rodeado de honores como canciller y secretario suyo con autorización y licencia de todos los canónigos. Don Diego, iluminado por recta intención y ayudado por el prudente consejo de nobles varones, empezó con gran esfuerzo a restaurar lo destruido, conservar lo restaurado y mejorar lo conservado."

Este texto que traemos aquí pertenece a **Historia Compostelana** na edición da autora Emma Falque. Trátase dun obxecto propagandístico a favor da figura de Diego Xelmírez, quen estivo a cargo de controlar a súa redacción.

Investiga quen é o mencionado "**Raimundo**".

Investiga sobre o **scriptorium** de Diego Xelmírez, redactores desta obra.

PARA FACER NA CLASE

Accedemos fontes primarias: o Tumbo A



Investiga sobre os Tumbos:

- Que tipo de libros son?
- Para que se utilizaban?
- Quen é a figura que aparece representada nesta imaxe?



Museo
Colexiata de Sar



COMPOSTELA
SACRA



FUNDACIÓN
CATEDRAL
DE SANTIAGO

